



PREGUNTA ORAL SOBRE O PROCESO PARA A CONCESIÓN DOS POSTOS LIBRES EXISTENTES NA NAVE 5 DA PRAZA DE ABASTOS

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, a concelleira que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

Na sesión plenaria do mes febreiro foi aprobado un acordo que instaba ao Goberno a realizar un proceso de audiencia e consulta pública, dirixido especialmente á cooperativa que xestiona a Praza e á Asociación de Hostalería, sobre as condicións do concurso para a concesións dos postos libres existentes na Nave 5 da Praza de Abastos.

Tamén se instaba a que se introduciran nos pregos, elementos que permitan valorar a oferta nos locais de produtos de proximidade, con criterios de calidade e innovación, así como a posibilidade do seu consumo inmediato nas propias instalacións.

Por último, o acordo sinalaba que, logo de realizado o proceso de consulta, que se procedera á tramitación, dentro do primeiro semestre do ano actual, do correspondente concurso.

Transcorridos dous meses desde a adopción do acordo, o Grupo Municipal do Partido Popular formula a seguinte pregunta:

Realizou xa o Goberno o proceso de audiencia e consulta previa, así como a introdución de elementos de valoración na redacción dos prego, tal e como se ten acordado, para levar a cabo a tramitación do correspondente concurso de concesión dos postos libres existentes na Nave 5 da Praza de Abastos antes do remate do vindeiro mes de xuño?

Santiago de Compostela, a 14 de abril de 2016



María Corral López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.